

Circuíto Súper Sprint 2026

Cadete – Xuvenil – Júnior

Presentación e exposición de motivos

Dada a importancia crecente das distancias máis curtas nas probas e *ranking* nacional, coa finalidade de promover a organización de probas en distancia súper sprint e a participación nas mesmas de deportistas das categorías cadete, xuvenil e júnior, a Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno desenvolve o circuíto 2026 de probas súper sprint para mozos e mozas categorías cadete, xuvenil e júnior.

Regulamento Xeral

Formarán parte deste circuíto todas aquelas probas baixo amparo federativo que celebren carreiras súper sprint, cuxos organizadores manifesten á FEGATRI a súa vontade de formar parte do mesmo, cumprindo sempre os seguintes puntos xerais:

1. Probas e distancias:

- Dúatlon de estrada súper sprint: 2 km + 5 a 8 km + 1 km
- Tríatlón de estrada súper sprint: 250 a 300 m + 6,5 a 13 km + 1,7 a 3,5 km
- Acuatlón distancia “remuda”, formato natación-carreira: 500m + 2,5 km
- Dúatlon Cros- 2 a 3 Km-6 a 10 km BTT-1 a 1,5 Km
- Tríatlón Cros- 200 a 250 m- 4 a 5 km BTT-1,2 a 1,6 Km

* as distancias poderán axustarse de xeito motivado, de acordo ás tolerancias regulamentarias

2. Participantes

- A participación no circuíto será exclusiva para deportistas con licenza FEGATRI en vigor a tempada 2026 das seguintes categorías:

- Cadete: nados e nadas en 2011 - 2012
- Xuvenil : nados e nadas en 2009 -2010
- Junior: nados e nadas en 2007 – 2008

3. Clasificacións.-

Cada proba terá unha clasificación individual para cada unha das categorías masculina e feminina e unha clasificación de clubs mixta. A clasificación de clubs farase segundo se especifica no punto 3.b.

4.Premios (non poderán ser económicos)

a) Premios de cada proba,trofeo/medalla a cargo do organizador, para os tres primeiros clasificados de cada categoría e sexo e para os tres primeiros clubs.

b) Premios finais de circuíto a cargo da FEGATRI.

5. Inscripcións.-

a) Establecerase un prazo de prioridade para a inscrición das categorías establecidas, ata o domingo da semana anterior á proba, reservando un cupo de prazas para cada unha das tres categorías e sexos no caso de probas con participación limitada. No caso de non completarse as prazas, a partir do luns poderase abrir a inscrición a calquera outra categoría, ata completar o número de prazas ofertadas coa cota establecida polo organizador.

6. Sistema de puntuación en cada proba do circuíto:

a) Individual

a. en cada proba, cada deportista recibirá tantos puntos coma o posto acadado na clasificación individual da súa categoría e sexo. Calquera deportista non presentado recibirá 100 puntos. O non finalizado (NF) formará parte do circuíto pero acadará (75 puntos).

b) Clubs:

a. A clasificación por clubs sempre será mixta; en cada proba. Confeccionarase coa suma de postos de 6 deportistas, sendo cada un destes o/a mellor clasificado/a do club en cada categoría e sexo.

b. Se un club non ten representación na clasificación dalgunha das categorías, recibirá 100 puntos. Considérase representación ter tomado a saída na proba (75 puntos).

c. Vencerá o club que menos puntos sume

d. Desempates. -En caso de empate, vencerá quen máis primeiros postos acade, e de seguir o empate, vencerá quen sume máis segundos, terceiros postos,... De seguir o empate vencerá quen teña participación no maior número de categorías. E por último quen conte con maior número total de participantes.

7.- Clasificación final do circuíto

a) A clasificación final do circuíto, tanto individual como de clubs, confeccionarase coa suma das 5 mellores puntuacións acadadas. Sendo obrigatoriamente estas probas, no caso de celebrarse, 2 dúatlons, 2 triatlons e 1 (acuatlón, triatlón cros ou dúatlon cros). En caso de que non se celebren as cinco probas, puntuarán un mínimo de tres probas 1 de dúatlon, 1 de triatlón e 1 (acuatlón, triatlón cros ou dúatlon cros).

b) Vencerán os deportistas/clubs que sumen menos puntos. Se un deportista/club non participa no mínimo de probas establecidas no apartado 7.a), non entrará na clasificación final do circuíto.

c) Desempates nas clasificacións do circuíto. -En caso de empate, vencerá o que máis primeiros postos acade, e de seguir o empate, vencerá o que acade o mellor posto no Campionato Galego de Tríatlón Súper sprint, o mellor posto do Campionato Galego de Dúatlon Súper sprint e por último o mellor posto do Campionato Galego de Acuatlón, Tríatlón Cros ou Dúatlon Cros.

EXEMPLO

	JNM	JNF	XVM	XVF	CDM	CDF	TOTAL
CLUB A	100	4	1	100	2	4	211
CLUB B	100	3	4	100	1	3	211
CLUB C	100	2	6	75	100	1	284

CLUB A

Mellor posto da categoría JNM- Non ten participante (100ptos)

Mellor posto da categoría JNF -3º (3 puntos)

Mellor posto da categoría XVM -4º (4 puntos)

Mellor posto da categoría XVF- Non ten participante (100ptos)

Mellor posto da categoría CDM -1º (1 puntos)

Mellor posto da categoría CDF -3º (3 puntos)

CLUB B

Mellor posto da categoría JNM- Non ten participante (100ptos)

Mellor posto da categoría JNF -4º (4 puntos)

Mellor posto da categoría XVM -1º (1 puntos)

Mellor posto da categoría XVF- Non ten participante (100ptos)

Mellor posto da categoría CDM -2º (2 puntos)

Mellor posto da categoría CDF -4º (4 puntos)

CLUB C

Mellor posto da categoría JNM- Non ten participante (100ptos)

Mellor posto da categoría JNF -2º (2 puntos)

Mellor posto da categoría XVM -6º (6 puntos)

Mellor posto da categoría XVF- só tiña un participante que non rematou a proba (75 pts)

Mellor posto da categoría CDM -Non ten participante (100ptos)

Mellor posto da categoría CDF -1º (1 puntos)

Sumados os puntos quedan empatados coa mellor puntuación o club A e B. Gañaría o club A xa que ten 1 primeiro e 1 segundo posto, fronte ao B que ten 1 primeiro e ningún segundo